# FEBREIRO 2018

| Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño | Xullo | Agosto | Setembro | Outubro | Novembro | Decembro |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |




PINTO & CHINTO

< XANEIRO

| L | M | Me | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | |



## V 1

**NACE A ELECTRÓNICA**
Os laboratorios Bell anunciaron en 1948 que os seus físicos Shockley, Brattain e Bardeen descubriran o transistor.



## S 2

DÍA MUNDIAL DOS HUMIDAIS

## D 3

**CINCUENTENARIO DA OLP**
Iasir Arafat creou en 1969 a Organización de Liberación de Palestina e foi elixido o seu primeiro líder.



## L 4

**DEBUXAR FRONTEIRAS**
Roosevelt, Churchill e Stalin reuníronse en Ialta en 1945 para determinar o mapa da posguerra.



## M 5

**TEMPOS REVOLTOS**
Hai un século que se iniciou en Barcelona a famosa folga de La Canadiense.



## Me 6

**NENO PRODIXIO**
O violinista Jehudi Menuhin debutou en París en 1927 aos 10 anos.



## X 7

**PARA EXPORTAR ESPAÑOL**
O Congreso aprobou en 1991 a lei que creou o Instituto Cervantes para a promoción do español no mundo.



## V 8

**A SUCESIÓN DE SUÁREZ**
En 1981 a UCD elixiu a Leopoldo Calvo Sotelo candidato á presidencia do Goberno.



## S 9

**CENTENARIO DA AVIACIÓN CIVIL**
O primeiro voo de pasaxeiros despegou de París en 1919 e aterrou en Londres tres horas e media despois.



## D 10

**O INVENTOR DOS 3 PODERES**
O barón de Montesquieu morreu en París en 1755 aos 66 anos.



## L 11

**O REI DEUSE DE BAIXA**
Amadeo de Savoia renunciou á coroa española en 1873 despois de dous anos de reinado.



## M 12

**SANTIAGO DE AMÉRICA**
Pedro de Valdivia fundou en 1541 a cidade de Santiago da Nova Estremadura, hoxe capital de Chile.



## Me 13

**BETANZOS FAI 800 ANOS**
En 1219 trasladouse a poboación de Betanzos ao seu actual emprazamento.



## X 14

**A INTRANSIXENCIA**
O aiatolá Khomeini emitiu en 1989 unha fatua instando á execución de Salman Rushdie, autor de *Versos satánicos*.



## V 15

**QUINTO CENTENARIO**
Cúmprense 500 anos do nacemento de Pedro Menéndez de Avilés, colonizador de Florida.



## S 16

**DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE**
No ano 2005 entrou en vigor o Protocolo de Kioto.



## D 17

**COAS BOTAS POSTAS**
Molière morreu sobre o escenario mentres representaba *O enfermo imaxinario*, en 1673.



## L 18

**Á CONQUISTA DUN IMPERIO**
Cunha frota de 11 naves e máis de 600 homes, Cortés chegou ás costas de México hai cinco séculos.



## M 19

**UN SABIO PRECAVIDO**
En 1473 naceu Nicolás Copérnico, que descubriu que a Terra se move arredor do Sol, pero gardouno en segredo.



## Me 20

**UNHA CASA NO ESPAZO**
A URSS comezou a construír a primeira estación espacial en órbita en 1986.



## X 21

**O DESPROPÓSITO**
Miguel de Unamuno foi expulsado da súa cátedra de Salamanca e desterrado a Fuerteventura pola ditadura de Primo de Rivera en 1924.



## V 22

**ESPAÑA VENDE FLORIDA**
España vendeu os seus dereitos sobre a península de Florida aos Estados Unidos por un tratado asinado neste día de 1819.



## S 23

**DELITO ECOLÓXICO**
En 1988 ditouse contra un delito ecolóxico a primeira sentenza española, que recaeu sobre o director da central térmica de Ceres.

## D 24

**NACE UNHA ESTRELA**
Rosalía de Castro naceu en 1837 nunha casa do Camiño Novo de Santiago de Compostela.



## L 25

**DOUS DÍAS DESPOIS DO 23F**
Calvo Sotelo foi investido presidente do Goberno en 1981, tras o errado golpe de Estado do 23F.

## M 26

**CHEGOU O ESCARAVELLO**
Volkswagen presentou en 1936 o prototipo do Escaravello, un dos coches máis populares da historia automobilística.



## Me 27

**MÚSICA PARA OS VENCEDORES**
Beethoven estreou en Viena en 1814 *A batalla de Vitoria*, composta en honra dos soldados que venceron a Napoleón.



## X 28

**O FILLO DO BOTICARIO**
O escritor Álvaro Cunqueiro morreu en Vigo en 1981 aos 70 anos.





> MARZO

| L | M | Me | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

© La Voz de la Escuela. La Voz de Galicia, 2015